

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 02.03.2018 Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas orais

- 1.1 22024 (10/POC-003570)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo goberno galego en relación coa folga do persoal examinador de tráfico e para dar cumprimento ao acordo adoptado polo Parlamento de Galicia o 27 de setembro de 2017 referido á situación das autoescolas galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 1.2 22080 (10/POC-003599)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre o cumprimento das obrigas derivadas da subvención recibida pola Fundación Cipri Gomes para o funcionamento do Centro de Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación de Viana do Bolo baixo o programa Leader e os medios empregados para avaliar a súa xestión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 1.3 23638 (10/POC-003948)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para combater o aumento da temporalidade contractual
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018
- 1.4 24728 (10/POC-004119)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre a execución da partida ou das partidas orzamentarias destinadas no ano 2017 ao Plan para fixar poboación no rural, elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos europeos, os resultados obtidos nese ano, nomeadamente en materia de creación de

emprego, e a posta en valor dos terreos, así como a valoración do Goberno galego respecto de cada un dos seis eixes do plan

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018

- 1.5 24794 (10/POC-004123)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa necesidade de reestruturar a débeda pública de Galicia e de condonar parte da que presentan as comunidades autónomas, se é o caso, os criterios que se deben seguir para ese fin e a posición que vai defender ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018
- 1.6 26298 (10/POC-004289)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para modificar, a través da Lei 4/2016, os límites establecidos para os contratos menores e para non publicar a información referida a ese tipo de contratos no Portal de transparencia e Goberno aberto, a súa incidencia no cumprimento do obxectivo de acadar unha maior transparencia na contratación pública, así como a contratación adxudicada a través desa figura no ano 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

Abel Fermín Losada Álvarez

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

Vogais

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Antón Sánchez García

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 02.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 02.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 22024(10/POC-003570)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo goberno galego en relación coa folga do persoal examinador de tráfico e para dar cumprimento ao acordo adoptado polo Parlamento de Galicia o 27 de setembro de 2017 referido á situación das autoescolas galegas

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 10:41
Nº Rexistro: 22024
Data envío: 03/01/2018 10:41:58.022

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**.

O pasado 27 de setembro de 2017 o Bloque Nacionalista Galego defendeu no Pleno do Parlamento galego unha Proposición non de lei relativa á situación límite de moitas autoescolas galegas diante da falta de persoal examinador e ás actuacións que debía levar a cabo a Xunta de Galiza para paliar o seu impacto económico e buscar unha saída.

Grazas á xenerosidade e vontade de diálogo dos demais grupos parlamentares foi posíbel aprobar unha transacción con seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Avaliar, en diálogo cos sectores afectados, o impacto da crise derivada dos conflitos coa Dirección Xeral de Tráfico e a necesidade de impulsar medidas fiscais e económicas para evitar o peche de pequenas e medianas empresas e o despedimento de traballadores e traballadoras.

2. Dirixirse ao Goberno Central para demandarlle a atención e negociación cos traballadores e traballadoras do persoal examinador de tráfico de cara a buscar un consenso.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 10:41
Nº Rexistro: 22024
Data envío: 03/01/2018 10:41:58.022

3. Demandar do Goberno central a transferencia das competencias en materia de tráfico e seguranza vial.”

Por outra banda, o pasado 13 de decembro de 2017 o colectivo de examinadores e examinadoras anunciaban a fin das súas folgas por ter acadado un acordo con todos os grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados e Deputadas agás o Partido Popular de cara a levar a cuestión aos vindeiros orzamentos do Estado. Porén, a día de hoxe non temos perspectiva de cando se cristalizará ese posíbel acordo e as e os traballadores das autoescolas galegas continúan a ter, dunha banda, importantes problemas como consecuencia da situación destes meses; e doutra, incerteza sobre as posibilidades dunha nova folga en 2018.

Por todas estas cuestións e as expostas en sucesivos debates parlamentares, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos fundamental que estas demandas sexan atendidas con urxencia e dilixencia por parte do executivo galego.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento galego no 27 de setembro referido á situación das autoescolas galegas?

-Cantas veces e con que contido se dirixiu o goberno galego ao goberno central con motivo de dar saída á folga do persoal examinador? Apoia ou apoiará en nome da comunidade a necesidade de introducir nos Orzamentos do Estado contía suficiente para incrementar os salarios e o persoal examinador?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 10:41
Nº Rexistro: 22024
Data envío: 03/01/2018 10:41:58.022

-Que medidas fiscais ou económicas adoptou o goberno galego para minorar o impacto da situación de crise que están a vivir as autoescolas galegas? Con que previsión orzamentaria? E temporal?

-De ter xa desenvolvido o goberno galego estas actuacións, pode facer unha avaliación do número de autónomos e autónomas ou autoescolas adscritas ás mesmas? Cal é a súa valoración?

-Cantas veces e con que contido se dirixiu o goberno galego ao goberno central con motivo de transferir a competencia en materia de tráfico e seguranza vial? Desenvolveu o goberno galego algunha actuación para evitar un novo veto por parte do Estado?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2018.

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 10:41
Nº Rexistro: 22024
Data envío: 03/01/2018 10:41:58.022

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2018 10:40:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2018 10:40:40

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2018 10:40:44

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2018 10:40:51

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2018 10:40:52

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2018 10:40:54

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 02.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 22080(10/POC-003599)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o cumprimento das obrigas derivadas da subvención recibida pola Fundación Cipri Gomes para o funcionamento do Centro de Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación de Viana do Bolo baixo o programa Leader e os medios empregados para avaliar a súa xestión

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 12:53
Nº Rexistro: 22080
Data envío: 03/01/2018 12:53:34.191

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ás condicións de cesión e uso por parte da fundación privada Cipri Gomes do antigo instituto de Viana do Bolo.

No ano 2012, como xa daquela denunciou publicamente o Bloque Nacionalista alego, o concello de Viana do Bolo, cuxa alcaldía ostentaba o señor Andrés Montesinos Rodríguez, cedeu a título gratuito o edificio do antigo instituto á Fundación “Cipri Gomes” así como o seu polideportivo anexo. A solicitude de cesión do inmovible fora solicitada pola mencionada fundación con data do 15 de febreiro de 2015. Con posterioridade, trala tramitación do oportuno expediente foi acordada no pleno do día 19 de abril de 2012 a cesión gratuita por un prazo máximo de trinta anos para destinalo teoricamente a un centro de tecnificación deportiva e formación ocupacional.

Xa por aquel entón as e os nacionalistas indicamos que faltaba claridade financeira, ao non recoller concrecións a memoria presentada por tal fundación, que non esclarecía a orixe do seu financiamento nin con que apoios económicos contaba. Faltaba tamén concreción temporal para o desenvolvemento da súa actividade nin prazos de execución do investimento nin tan sequera de presentación do proxecto. Finalmente, fomos contundentes tamén coa falta de participación municipal.

Pasado o tempo e segundo información pública que consta nos soportes dixitais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a fundación Cipri Gomes foi



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 12:53
Nº Rexistro: 22080
Data envío: 03/01/2018 12:53:34.191

beneficiaria dunha subvención vencellada ao programa Leader, que nace co obxectivo de descentralizar as políticas de desenvolvemento rural e que sexan as poboacións quen o impulse, cun montante de 199.829,48€ (expediente L12 41300 11 0063). Dita subvención, ten como obxecto o citado entro de tecnificación de actividades físico deportivas de lecer e formación, tal e como se pode comprobar na súa resolución do 20 de decembro de 2013, do director xeral de Agader, pola que se aproba o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se modifican as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013.

Na actualidade, malia diversas solicitudes de información, non consta información para o concello a respecto da realización das actividades comprometidas para a obtención de subvención e é posíbel que o non uso das instalacións para o fin comprometido poida implicar a reversión da concesión e o seu retorno para a xestión pública. Ademais, é de especial importancia auditar as actuacións subvencionadas por un programa que constitúe un recurso potencialmente útil para unha poboación con tantas necesidades de intervención como é a de Viana do Bolo.

Por todos estes motivos, o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou unha Proposición non de lei que foi sometida a debate e aprobación por unanimidade, con modificacións, na Comisión 3ª celebrada o 8 de setembro de 2017, co seguinte texto: «O Parlamento galego acorda instar a AGADER, seguindo o Plan de controis e disposicións do Feader en Galicia, a elaborar e remitir ao Concello de Viana do Bolo e mais ás partes afectadas unha auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos ao abeiro do expediente nº L12-413-11-063 para a creación do Centro de Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación instado pola Fundación Cipri Gomes, no que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 12:53
Nº Rexistro: 22080
Data envío: 03/01/2018 12:53:34.191

subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta das instalación do Concello de Viana do Bolo.»

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que actuacións levou a cabo o goberno galego para a toma en consideración e cumprimento por parte de Agader do acordo emanado da Cámara galega?

- Por que medios e en que datas se tratou esta cuestión?

- Ten constancia a Xunta de Galiza de se a Fundación Cipri Gomes de Viana do Bolo cumpre coas funcións comprometidas para a obtención de recursos económicos a través da Agader e os fondos Leader?

- Coñece o goberno galego xustificación para a contía comprometida a través da resolución do 20 de decembro de 2013, do director xeral de Agader, pola que se aproba o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013?

- Ten coñecemento o goberno galego das prácticas fraudulentas para subvencionar o deporte do kickboxing en Ourense no ano 2012 polas que foi condenado o señor Cipriano Augusto Gomes, presidente da Fundación Cipri Gomes? Ten avaliado se a xestión de fondos públicos do centro de Viana do Bolo cumpre coas garantías esixíbeis?

- Ten pensado o goberno galego levar a cabo algún tipo de inspección ou auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos desde o 19 de abril de 2012 por



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 12:53
Nº Rexistro: 22080
Data envío: 03/01/2018 12:53:34.191

parte da Fundación Cipri Gomes na que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2018.

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2018 12:33:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2018 12:34:05

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2018 12:34:09

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2018 12:34:13



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 12:53
Nº Rexistro: 22080
Data envío: 03/01/2018 12:53:34.191

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2018 12:34:17

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2018 12:34:19

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 02.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 23638(10/POC-003948)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para combater o aumento da temporalidade contractual

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

A precariedade laboral está acadando niveis inaceptables no mercado de traballo en Galicia, agravando un problema que vén de atrás pero que vai a máis. Un indicador preciso para cuantificar este problema é a taxa de temporalidade, que mide a porcentaxe de persoas asalariadas cun contrato temporal sobre o total de asalariados.

A taxa de temporalidade de 2014 era do 21,3% e agora, no terceiro trimestre de 2017, disparouse ata o 28,1%. A temporalidade incrementouse en sete puntos, una evolución moi negativa en especial si a comparamos coa media do Estado. No conxunto de España a taxa incrementouse en catro puntos ata situarse no 27,1%.

A comparación destes datos deixa una situación moi preocupante: a temporalidade contractual medra moito máis en Galicia que no Estado e pasamos de ter una taxa inferior en 2014 a tela superior á media de España en 2017.

Crece a taxa porque case todo o emprego asalariado xerado no último ano e temporal: o número de asalariados aumenta en 10.000 persoas pero só 1.100 teñen un contrato indefinido e, polo tanto, 8.900 teñen un contrato de duración determinada.

Expresado en porcentaxes, o 89% do emprego asalariado xerado nos últimos doce meses, nove de cada dez, ten un contrato temporal.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 23638
Data envío: 18/01/2018 18:54:58.444



Este é o modelo laboral que sae da reforma laboral e do modelo de crecemento, un modelo de relacións laborais baseado na precariedade con graves consecuencias para a vida das persoas pero tamén para a estrutura económica e o crecemento do PIB.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Que vai facer a Xunta de Galicia para combater o aumento insoportable da temporalidade contractual?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2018

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 18/01/2018 17:47:29

Antón Sánchez García na data 18/01/2018 17:47:33

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 02.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 24728(10/POC-004119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a execución da partida ou das partidas orzamentarias destinadas no ano 2017 ao Plan para fixar poboación no rural, elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos europeos, os resultados obtidos nese ano, nomeadamente en materia de creación de emprego, e a posta en valor dos terreos, así como a valoración do Goberno galego respecto de cada un dos seis eixes do plan

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:54
Nº Rexistro: 24728
Data envío: 31/01/2018 16:54:31.424



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O 23 de marzo de 2017, o Consello da Xunta aprobou un documento elaborado pola Consellería do Medio Rural para fixar poboación no rural dotado con 230 millóns de euros procedentes de fondos europeos para cohesión territorial, innovación e formación, agricultura sustentable, mellora da competitividade, impulso da cooperación e remuda xeracional.

Segundo manifesta o Goberno, o Plan xira arredor de seis grandes eixes, a través de 23 medidas, coa previsión de crear uns 3.000 empregos directos no agro galego e a posta en valor de case 330.000 hectáreas dende o punto de vista agrogandeiro e forestal no período 2017-2020.

Sendo o seu principal obxectivo a cohesión territorial e o mantemento da poboación, apoiando os modelos de negocio no rural, tanto a través do aproveitamento dos seus recursos endóxeos (agrogandeiro e forestal) como dos novos eidos de negocio. Busca tamén acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais e a creación e conservación do emprego.

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi a execución da partida ou partidas destinadas a este plan no ano 2017?

2ª) Cales foron os resultados obtidos no 2017, nomeadamente en creación de emprego e posta en valor dos terreos?

3ª) Que valoración fai o Goberno galego de cada un dos seis eixes nos que se basea o Plan?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:54
Nº Rexistro: 24728
Data envío: 31/01/2018 16:54:31.424



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2018 16:48:50

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/01/2018 16:48:53

Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/01/2018 16:49:02

José Antonio Quiroga Díaz na data 31/01/2018 16:49:09

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 02.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 24794(10/POC-004123)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa necesidade de reestruturar a débeda pública de Galicia e de condonar parte da que presentan as comunidades autónomas, se é o caso, os criterios que se deben seguir para ese fin e a posición que vai defender ao respecto

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**, sobre a reestruturación da débeda pública.

O Ministro de Facenda, Sr. Montoro, na súa comparecencia do día 31 de xaneiro na Comisión de Facenda do Congreso dos Deputados, dixo textualmente que: “tenemos que ver que hacemos respecto a la deuda de las comunidades autónomas y en especial la que tienen contraída con el Estado. Tenemos que ver que parte de esta deuda se corresponde con insuficiencias del sistema de financiación autonómica”.

Isto significa que xa de forma aberta o Goberno central abre a porta do debate sobre a reestruturación da débeda das comunidades, incluíndo a súa metabolización.

Esta é, sen dúbida, unha situación de oportunidade pero, tamén, de risco para Galicia, tanto pola estrutura da nosa débeda como polos criterios habitualmente utilizados para cualificar as comunidades infra-financiadas. Unha situación de risco que se ve agravada polas reiteradas declaracións da Xunta, tanto negándose a falar da reestruturación como de presumir de estar ben tratada polo sistema de financiamento.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1ª.- Como valora a Xunta de Galicia as palabras do Sr Montoro?

2ª.- Cre a Xunta que é necesario reestruturar a débeda pública galega?

3ª.- Cre a Xunta que se ten que condonar parte da débeda pública das CC.AA ?
Se é así, con que criterios?

4ª.- Cal vai ser a postura da Xunta no debate sobre a reestruturación da débeda no conxunto das CC.AA.?

5ª.- Cree a Xunta que a utilización do criterio da infra-financiación supón un risco para nós porque ese criterio é prexudicial para Galicia?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/02/2018 11:02:39

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 02.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 26298(10/POC-004289)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para modificar, a través da Lei 4/2016, os límites establecidos para os contratos menores e para non publicar a información referida a ese tipo de contratos no Portal de transparencia e Goberno aberto, a súa incidencia no cumprimento do obxectivo de acadar unha maior transparencia na contratación pública, así como a contratación adxudicada a través desa figura no ano 2016

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 18:16
Nº Rexistro: 26298
Data envío: 15/02/2018 18:16:00.662



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Lei de racionalización do sector público autonómico fora presentada polo Goberno da Xunta de Galicia como unha aposta pola transparencia xa que, segundo recolle a nota de información do Consello aos medios dada a coñecer daquela, “a transparencia é o principio que rexerá a contratación pública, xa que se establece a redución á metade da marxe para a adxudicación directa deste tipo de contratos: por riba de 9.000 euros nos contratos de servizos e subministracións e de 25.000 euros de obras será obrigatorio solicitar tres ofertas distintas a empresas non vinculadas entre si”.

Como é coñecido a contratación realizada por contratos menores permite unha ampla marxe para realizar unha adxudicación discrecional e aínda que debера ser utilizada para casos puntuais e xustificables, se acude con demasiada asiduidade. O certo foi que tal proposta pola transparencia pouco durou, xa que remata pouco máis de dous anos despois, e a *Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público autonómico*, a través da súa disposición derradeira primeira, anula tales límites, elevándose ao dobre desas contías.

No último ano do que a Xunta de Galicia ofreceu datos (o de 2016), a contratación adxudicada a través da figura do contrato menor, ascendeu para o sector público autonómico a 123.903 contratos, por importe de 868.960.521 euros. De feito a través deste tipo de contratación, foron as cantidades que máis se adxudicaron, superando mesmo aos procedementos abertos e supoñendo case que o 50 % da contratación total realizada pola Xunta de Galicia. Unha marxe demasiado ampla de discrecionalidade, sen que medie ningún tipo de publicidade nin se prime a presentación de múltiples ofertantes, cunha “contratación a dedo” excesiva.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pero é que ademais de constituír unha contía tremendamente elevada, non se favorece o seu control e seguimento, xa que na plataforma de contratación, da Xunta de Galicia, no seu apartado correspondente a “contratos menores” non queda rexistrada a información básica dos ditos contratos, senón que unicamente aparece un número reducido de días.

Pódese acceder a tal plataforma actualmente e comprobar, por exemplo, que ningún dos contratos menores realizados durante o último exercicio do 2017 está dispoñible e pode ser examinado (<https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-e-estadistica/contratacion-publica/contratos-menores>).

Non parece que tal xeito de actuar da Xunta de Galicia beneficie a transparencia necesaria da contratación pública, contradicindo as manifestación realizadas nesta materia polo executivo galego.

Por todo o anterior os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que razóns xustifican que aos dous anos de establecer os límites para os contratos menores se modifícase tal postura?

2ª) Considera que deste xeito se cumpre co obxectivo de acadar unha maior transparencia na contratación pública?

3ª) Non considera elevado o número de contratos menores e o seu importe?

4ª) Por que fai desaparecer os contratos menores do portal de transparencia de xeito tan apresurado?



 **Grupo Parlamentario**

5ª) Non considera que cun maior prazo de permanencia se facilitaría a consulta e se acadaría unha maior transparencia na contratación pública?

6ª) Foi remitida información ao Parlamento de Galicia a través do Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/02/2018 17:57:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/02/2018 17:58:11

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/02/2018 17:58:20

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/02/2018 17:59:27